

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 12



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0012_001B_en_0_00_00_id665_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0012_001B_en_0_00_00_id665.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a primeira das 26 entrevistas realizadas a Enrique Parceros Chapela e a María Pérez por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante Enrique Parceros fala da súa procedencia e do significado do seu alcume “O Carril”.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 06 de agosto de 1992
- **INFORMANTES:** Enrique Parcerro Chapela e a María Pérez
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé ou entre parénteses () para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que din o ou a informante están sinaladas con: (?).

Cando intervéñ María Pérez na conversa está indicado con: “(María)” antes do texto.

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, Moaña, alcume, familia, ferrocarril.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 12



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: !Dios mio! do de Fontes.

P: Os primeiro motores que ...(se instalaron nas traíñeiras)

R: Do de Fontes que sacaron e puxéronlle, ó mesmo barco, xa lle puxeron o motor a bordo, era de remos e puxeron uns (?) nada máis, e xa puxeron o motor, non foi barco feito para motor

P: Si aproveitaron

R: Si, e eu tamén xa anduven no do teu abuelo, tamén de remo ou digo de motor xa, cando eu fun po mar xa todos eran motores

R (María): Non era o abuelo..

R: Román o vello era o abuelo

R (María): Ah!, sí, sí

R: Era abuelo. ¿Cómo non era abuelo?

P: Uste que naceu en Tirán?

R: Eu nacín en Vilela, ti sabes onde é o forno,

P: Si

R: ¿Sabes a casa de Elena, a taberna que hai, indo pa Cangas na casa...

P: Na curva, unha casa

R: Na curva ó pasar a curva alí nacín eu, frente con frente, na casa vella que había arriba porque a casa que hai indo para alá para a esquerda, foi feita nova pero a principal estaba arriba que agora reformaronna fixeron unha de dous pisos ou tres, ou non sei.

P: Que dixo en que ano nacera no doce.

R: No once, no once, o dezanove de outubro do once.

P: E (?) familiar tamén é Parcero

R: Eu son Parcero

P: Enrique Parcero?

R: Enrique Parcero Chapela. Pois os Parceros eran meu pai que eran os Carriles, chamábanlle os Carriles porque o nome de Carril veu por isto, meu abuelo, o paterno, o pai do meu pai casouse tres veces e de todos tuvo moitos fillos e a última muller que era miña abuela que eu xa non a conoín, nin a meu abuelo tampouco, tuvo trece, de último, e os dous últimos eran gemelos meu pai e mais un que se casou en.... Castrelos, e mira como se parecían que cando morreu miña tía a de Castrelos, eu, xa estabamos casados, e fomos ó entierro a Castrelos, e foi meu pai tamén, e xuntouse co hermano e empezaron a falar e empezaron os homes a chorar ¿non? E decían as vellas dalí de Castrelos “mira como se parece, canto se parecen hasta no chorar son iguales” (risas).

P: Choraban igual

R: Decían que hasta no chorar eran iguales. Entonces claro, de rapaces cando eran pequenos, viñan á arte, á arte porque era o que había máis aquí, entón a arte sabes ti que estaban os que halaban a arte en terra que vamos a falar diso tamén, si queres falar de....

P: Si, non; podemos empezar por aí e falar xa.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: Pero bueno, espérate, vamos a do nome do Carril. Isto é o que che quero dicir porqué ven o apelido, o mote de Carril, entón eles iban e había os vellos que lle decían vaime buscar unha (?) e pitillos ou vaime buscar unha galleta ou vaime... e iban a correr sempre, iban e viñan, entón había un vello, naquel tempo era cando veu o tren a Vigo das primeiras veces, entón decía un vello, cargaba un pouco na “r”, e decía “estes jodidos corren como carriles”¹ (pronuncia o “r” como unha gheada), porque iban sempre a correr onde queira que foran “estes jodidos corren coma carriles” e de aí Carriles, Carriles e Carriles son, e todos son... eu tiven catro homes catro hermanos unha muller e tres homes e ningún foi Carril namais ca eu, un era Benjamín o outro era Lisardo o outro é Burriquinto que aínda vive e eu o Carril.

P: ¿E quedoulle a Usté?

R: Como era tamén Enrique coma meu pai pois Carril, si home

¹ Posiblemente se refira ao primeiro tren que houbo en Galicia, que comunicaba Santiago con Carril (1873).